

Entrevista

Descafeinado de máquina e conversas. Manuel Pereira Valcárcel

Begoña REGUEIRO SALGADO

Esta conversa, como non podía ser doutro xeito, tivo lugar no emblemático “Café Comercial”, na madrileña Glorieta de Bilbao, que dá nome ao Grupo Bilbao de poetas de expresión galega en Madrid. Manuel Pereira e mais eu sentamos nunha das mesas preto das fiestras. Detrás, a mesma mesa, ao fondo do local, máis alá das

paredes de espellos, na que cada mes se celebra o faladoiro do grupo de Madrygalegos. Coma sempre, Manuel traía un agasallo, esta vez un artigo sobre a poesía de Antonio Colinas. Perfecto, para empezarmos a falar da súa propia obra. Foi unha tarde de luns, despois das clases, cando xa brillaba o sol do 12 de maio en Madrid.



(fotografía de Begoña Regueiro Salgado)

—**Begoña Regueiro Salgado:** Se che parece, imos empezar falando da túa obra. Os primeiros libros que publicas son de poesía, a primeira voz é a do poeta, por que?

—**Manuel Pereira Valcárcel:** Ti dáste conta de que queres escribir, de que che gusta a literatura; entón, comezas a facer ensaios e chega un momento en que o que estás escribindo parécese ao que che gustaría escribir. Ese é o momento no que decido empezar a publicar. A primeira publicación é no libro *Intifada* de poemas, e a seguinte cousa aparece como consecuencia de gañar un concurso na Casa de Galicia de León no que sae publicado o relato gañador, que era o meu, un accésit e o relato gañador en español, porque era para relatos escritos en galego e en castelán. A partir de aí, preparo un libro de poesía, o meu primeiro libro, que se chama *Poemas de cinza*. Despois sigo un pouco no desenvolvemento desa vertente poética. Veñen *Todo morte*, *Rosa íntima...* pero sempre seguindo coa produción en prosa de relatos.

—**B.R.S.:** Ese primeiro libro de poemas tarda en aparecer, de feito, poderíamos dicir que é unha primeira publicación algo tardía; por que? para entonces, canto levabas escribindo?, toda a vida?

—**M.P.V.:** Máis ou menos... o que pasa é que mirando outras persoas da miña idade eu empecei a escribir de xeito tardío. *Poemas de cinza* é do ano 90, cando eu tiña 35 anos e algunha xente a esa idade xa levaba escritos catro ou cinco libros. Quizais é porque non tiña a seguridade de que o que escribía se parecese realmente ao que quería escribir, por iso foi.

—**B.R.S.:** E, afondando un pouco máis na túa poética, como definirías a túa poesía?, en que corrente te inscribirías?

—**M.P.V.:** Voluntariamente non fago por seguir esta corrente ou aquela... pero si que hai unha maneira de ver a vida e a literatura, que é unha maneira realista. Non me gusta facer unha poesía excesivamente críptica ou de indagación persoal. Trato de facer unha poesía transparente coa máxima calidade formal da que son capaz pero, en xeral, intento facer unha poesía que sexa de doada comprensión.

—**B.R.S.:** Imos aos temas. Na túa obra hai asuntos recorrentes que aparecen de xeito

case paralelo na poesía e na prosa, nos primeiros libros e nos últimos: a morte, o amor, as viaxes, as cidades... por que?

—**M.P.V.:** Os temas de reflexión sempre son os mesmos. Evidentemente, a miña infancia estivo marcada pola morte temperá de miña nai e ese contacto coa morte, con todo o que significa a morte e a ausencia absoluta dende ese momento, deixa unha impronta o suficientemente grande como para marcar a miña obra literaria. Como consecuencia da morte de miña nai, para que eu puidese estudar, tiven que marchar a Zaragoza, ao colexio de orfos de maxisterio que estaba nesa cidade e ao que marchei con once anos. Entón, ese tránsito de tantas horas de viaxe entre Galicia e Zaragoza, e tamén, dalgunha maneira, ese estar fóra de Galicia e volvendo a Galicia periodicamente no Nadal e no verán, porque en Semana Santa non daba case tempo, (estamos falando dun sistema de comunicacións que nada ten que ver co actual), fai de min unha persoa que está nese tránsito continuo.

—**B.R.S.:** *Traxectos curtos, Libro das viaxes.* Que significa ese interese polos desprazamentos?

—**M.P.V.:** A temática xeral é a mesma pero hai matices. En *Traxectos curtos*, en moitos casos, as viaxes están usadas de xeito metafórico, como pretexto para contar outras cousas. O *Libro das viaxes* é máis reflexivo, sobre o viaxeiro, o que marcha, o que queda... esa antítese que, en definitiva, é unha antítese persoal: o gusto pola viaxe, por ir a outros sitios e, á vez, a ilusión de poder volver sempre ao mesmo lugar. De feito, a min, como viaxeiro, unha das cousas que máis me gustan é volver sempre aos mesmos lugares.

—**B.R.S.:** Es profesor de primaria, pasas o día rodeado de nenos que inda están descubriendo o mundo; afecta isto dalgún xeito á túa poesía? A visión sorprendida dos nenos fronte á realidade axúdate a ver as cousas doutra maneira?

—**M.P.V.:** Non sei... nunca escribín especificamente para nenos, nunca me dediquei a ese público infantil... non sei até que punto pode iso estar reflectido na miña maneira de escribir. A literatura é un proceso sedimentario; de onde veñen eses sedimentos, que camiños seguen, para min é algo difícil de precisar.

—**B.R.S.:** **En canto á parte formal da túa poesía, parece que hai unha evolución de cara á concisión, unha procura das verbas que non precisan adxectivos nin nada máis que a elas mesmas... andas buscando “o nome exacto das cousas”?**

—**M.P.V.:** Si... exactamente, esa é unha preferencia poética, prefiro os poemas de expresión condensada, de capacidade suxestiva fronte aos poemas excesivamente longos ou cheos de expresión. É unha preferencia, non quere dicir que sexa unha valoración de calidade pero é a miña maneira de concibilo. Non descarto que outro libro de poesía no que ando traballando sexa dunha expresión máis longa, formalmente de versos máis longos tamén, pero sempre tendo á precisión e á concisión.

—**B.R.S.:** **Algún poeta de referencia?**

—**M.P.V.:** Moitísimos, pero non podo dar nomes porque deixaría fóra a moitos.

—**B.R.S.:** **A túa lingua de expresión habitual é o galego, pero o último poemario apareceu en edición bilingüe, por que? Inflúe dalgún xeito neste interese na versión bilingüe o feito de que vivas en Madrid?**

—**M.P.V.:** Iso foi unha circunstancia. O libro está concibido e escrito en galego e até que non estivo completado en galego non o traducín ao castelán. A razón de que aparece en bilingüe é que está traballado en combinación cunha artista plástica, Cristina Lapiedra, que é zaragozana. Ademais, fíase publicar en Zaragoza porque como o libro estaba integramente dedicado a Zaragoza, eu tiña esa ilusión de que se publicase alí, na cidade que foi a cidade da miña infancia final e primeira xuventude. Tentamos publicalo nunha editorial convencional, pero incluír as ilustracións resultaba complicado. Así que o recomendable era unha edición case persoal onde nos permitise manipular e preparar as ilustracións con calidade.

Ese foi o motivo: que estaba publicado en Zaragoza e que eu quería que se publicase en galego a versión orixinal. De feito, a versión orixinal é a preferente. É como un libro publicado en galego con subtítulos en castelán.

—**B.R.S.:** **E a edición bilingüe favoreceu a difusión?**

—**M.P.V.:** Supoño que si, que a difundiría un pouco máis, pero, en todo caso, creo que é irrelevante. Vendéronse bastantes libros. A presentación en Zaragoza foi un acto moi bonito, tamén a de Madrid e a de Ouzande. Pero, cando digo vendéronse bastantes libros hai que ter en conta a edición e os números de edición dos libros de poesía... non sei. Posiblemente, de repetir unha experiencia así, ao mellor, faríamos dúas versións diferentes, unha orixinal en galego exclusivamente e outra en bilingüe. Actualmente estou traballando noutro libro con Cristina Lapiedra e a solución que imos tomar non a sei con exactitude neste momento, pero probablemente fagamos así, publicar unha edición exenta en galego, unha edición orixinal, e despois outra bilingüe.

—**B.R.S.:** **Seguimos con cuestións de lingua e a túa condición de poeta galego en Madrid; de que modo convives coas dúas linguas a diario?**

—**M.P.V.:** Na vida familiar uso sempre o galego. Pero, loxicamente, vivindo en Madrid, o idioma de relación e de profesión é o castelán.

—**B.R.S.:** **Entre todos os actos galegos que hai en Madrid, hai algúns nos que só se permite falar en galego e calquera mostra ou expresión en castelán está mal vista, que opinión tes ao respecto?**

—**M.P.V.:** Se un acto en galego está dirixido a un público exclusivamente galego e non pretende máis que dar a coñecer a obra no ámbito exclusivo do galego, se é un espazo que se dedica a aproximar o galego aos galegos que viven en Madrid, paréceme que o idioma de expresión debe ser o galego. Se pretendemos abrir o galego ao público non galego residente en Madrid, creo que se pode facer o acto en español e as lecturas acompañadas de traducións, nun recital poético, poño por caso.

—**B.R.S.:** **Ouzande, Zaragoza, Madrid son os lugares da túa vida e da túa poesía; de que xeito inflúe o espazo físico, a xeografía, no que escribes? Daquela, que hai de Madrid na túa obra?**

—**M.P.V.:** Ouzande, Zaragoza, Madrid e aí falta unha referencia xeográfica que é Asturias, porque os tres anos precedentes á morte de miña nai residimos en Asturias que era onde tiña ela a

escola, até que enfermou de xeito terminal. Entón, de que maneira inflúe... ben, inflúe porque foron eses sitios onde fun crescendo, onde fun vendo as distintas situacións, e, claro, téñoas asociadas a un lugar concreto. No caso de Zaragoza e no caso de Madrid é máis evidente tanto en *Interior con froiteiro e feridas* como en *Tatuaxes*. No caso de Asturias, cando marchei para Asturias tiña sete anos e cando me fun de alí tiña dez, non é exactamente a mesma situación. Pero eu, de feito, case todos os anos vou a Asturias, case todos os anos vou a Zaragoza, vivo en Madrid e, por suposto, todos os anos vou a Galicia tres ou catro veces. Eu son unha persoa moi fiel ás persoas e aos lugares, mesmo aos obxectos. Eu iría constantemente a Zaragoza e Asturias, pero, claro, a familia non ten por que soportar todas a miñas teimas, xa ten que soportar a miña presenza diaria [Manuel ri no medio dun deses comentarios de excesiva modestia aos que nos ten acostumados] e hai que ser indulxente tamén, así que un sempre transixe, pero eu iría constantemente. Vou bastante, pero gustárame ir máis.

No caso de Asturias, chegamos alí no ano 63 e estivemos até o ano 66, e vou ao lugar onde estivo miña nai de mestra, que era unha aldea do concello de Tineo, que se chama Calleras. Vou alí e, até hai moi pouco tempo, a escola estaba igual, sen nenos, pero o edificio estaba igual. Agora modificouse un pouco porque a converteron nun centro de interpretación. Pero esa volta ao pasado, comprobar a permanencia dunhas cousas e a evolución doutras e, sobre todo, o encontro coa xente daquel tempo é algo que me emociona e gusta especialmente. Xa che digo, é unha cuestión de fidelidade que non podo levar máis alá por imperativos de respecto familiar.

—**B.R.S.:** E pasamos á prosa. Dixeches que comezas a escribir prosa e poesía á vez, pero, en realidade, á hora de publicar, empezas coa poesía e despois, de súpeto, chega a prosa; hai unha razón? Que nova mensaxe queres transmitir coa prosa?

—**M.P.V.:** Lévame bastante escribir e dispoño de pouco tempo; é dicir, a miña actividade profesional como mestre de nenos e nenas de primeiro e segundo de Primaria esíxeme esforzo e tempo, e non podo dedicarme todo o que quixese á literatura. Entón, se me centro en escribir

un libro, traballo só nese libro e mentres escribo, ocasionalmente, relatos que podo reunir posteriormente. Gústame que todo o que publique teña unidade e responda a un certo criterio. Así, *Traxectos curtos* son un conxunto de relatos que encaixan nesa visión das viaxes moi matizadas, basicamente de proximidade, non viaxes longas ou excepcionais senón dun mundo do cotián que está obrigado a desprazarse. Tamén hai en *Traxectos curtos* mestura de poemas, de relatos e de fotografía, que é outra das paixóns miñas.

—**B.R.S.:** E agora vai unha pregunta da relación entre a poesía e a prosa. Eu teño a sensación de que en moitas das túas obras, inda que sexan de prosa, é o poeta o que escribe polo coidado co que tratas a linguaxe. Entón, a pregunta é: es un novelista ou escritor de relatos ou un poeta que escribe novelas e relatos? Como definirías a túa obra en prosa?

—**M.P.V.:** Trataría de que non pasase iso, é dicir, hai escritores de narrativa que teñen unha capacidade poética realmente extraordinaria, entón a min gustárame que, sen levar a linguaxe a un terreo de un preciosismo gratuito ou exhibicionista, si que o relato ou a novela tivesen certo impulso poético, tamén tendo en conta que, ao meu modo de ver, a novela debe contar unha historia e debe traballar os personaxes, o debuxo da situación, dos decorados, da ambientación toda; é dicir, a novela ten que ocuparse de todo un cúmulo de realidades e non só da introspección, do pensamento, do puro xogo lingüístico, que é moito máis libre na poesía.

—**B.R.S.:** Falaches dun libro novo de poesía. O próximo proxecto, poesía entón? Que nos podes contar del?

—**M.P.V.:** Proxectos teño bastantes. Afortunadamente, teño máis proxectos que tempo para facelos, o cal, dende o punto de vista da saúde mental, é tranquilizador porque sería penoso o contrario. Agora estou traballando nun libro que teño bastante avanzado e que naceu hai bastante, alá nos primeiros anos do Grupo Bilbao. Son poemas que ían formar parte dun libro colectivo, o primeiro do Grupo, e que se publicaría en edición bilingüe; pero, ao final, fanouse ese proxecto e os poemas quedaron aí. A maior parte deles saíron publicados na revista *Serta*, da

UNED e, ao longo do tempo, foron medrando en número. Este libro si ten esa mesma concepción da que falabamos antes: expresión concisa, poemas moi breves, versos tamén moi breves..., responde a ese criterio e tamén vai mesturado coas imaxes de Cristina Lapiedra. É o libro que máis avanzado levo. Despois, tamén teño iniciado un libro que conta unha viaxe e ten unha expresión máis narrativa. Vai ser unha especie de poesía, de narración... non o sei moi ben, probablemente de poesía, porque o que teño escrito até agora responde a esa liberdade, a esa fragmentación, a ese tipo de expresión moito máis libre que, na miña opinión, permite a poesía.

—**B.R.S.:** **E xa que mencionaches o Grupo Bilbao, imos falar un pouco del. Para empezar, que papel crees que desenvolves nel?**

—**M.P.V.:** Eu non teño ningún papel especial, son como os demais. A min chamárame Fermín Bouza cando se ían reunir por primeira vez, pero non me localizou porque entón eu estaba mudándome de casa, na nova non vivía aínda e da antiga xa me fora. Convén lembrar que no ano 1996 os teléfonos móbiles non eran de uso masivo. Así que, cando asistín por primeira vez foi á segunda reunión que se facía e, dende aquela, pertenzo ao Grupo Bilbao e a esta tertulia, pero non me atribúo unha función especial: veño aquí, falo un pouco, tomo un descafeinado e xa está.

—**B.R.S.:** **Entón, se che pregunto se te ves a ti mesmo como aglutinador e promotor de actos, como eu te vexo, vas dicirme que non?**

—**M.P.V.:** Naturalmente, a resposta é non... É verdade que o grupo Bilbao fixo catro homenaxes: a Inés Canosa, en 2001; a Fariña Jamarido, en 2009, desafortunadamente póstuma; a Mariví Villaverde, en 2010; e a Sabino Torres, neste mesmo ano 2014. A de Inés foi por iniciativa de Xavier Frías e eu só colaborei escribindo. Nas outras tres a iniciativa foi de Rafa Yáñez e mais miña, pero non o considero ningún mérito especial. Entra dentro da lóxica da cortesía e a admiración ás persoas coas que compartimos moito tempo, xente que merece o noso recoñecemento e respecto e, no caso de Fariña, o noso recordo.

—**B.R.S.:** **Como definirías o grupo Bilbao?**

—**M.P.V.:** A pertenza viría dada pola publicación nas coleccións vencelladas ao grupo,

nomeadamente, a Colección Roibén. E quen decide isto, porque é o que se encarga, infatigablemente, da actividade editorial, é Xavier Frías. De todos os xeitos, nunca houbo un sistema de entrada ou acceso, nin unha listaxe cos nomes dos compoñentes. Volvendo ao principio, penso que esta é a primeira característica do grupo: que aínda está por definir.

—**B.R.S.:** **E sabías que dese libro, froito da homenaxe a Inés Canosa, Muller de doce sal, fixen eu a primeira recensión que publiquei en Madrygal? Imos seguir cos galegos de Madrid, como é ser un madrygalego? Como é ser madrygalego en Madrid? E en Galicia?**

—**M.P.V.:** Pois non o sabía. É curioso e coido que unha boa maneira de comezar no mundo da crítica. Verbo de ser madrygalego, é desfrutar á vez de ser galego, con todo o que significa pertencer á cultura galega, e ser un madrileño adoptivo en moitas cousas. Familiarmente, a miña muller é de Madrid, de Madrid Madrid, e a miña identidade consorte é tamén ser madrileño. Teño a sorte de pertencer a eses dous mundos, o de Galicia e o de Madrid, tendo en conta que, ademais, hai grandes personaxes galegos que conformaron a cultura madrileña. Falamos por exemplo, citando só dous casos, de Antonio Palacios e Valle Inclán.

—**B.R.S.:** **Cres que, dalgún xeito, os círculos críticos da Galicia interior prestan menos atención aos autores galegos que viven fóra?**

—**M.P.V.:** Creo que si. Evidentemente, alí a xente está en contacto permanente, vense con máis frecuencia, coinciden en actos... pero non sei se se tería máis sona se non vivise en Madrid. Non o sei nin tampouco me preocupa moito. Eu non me sinto descontento da atención que me prestan. Estaría mellor con máis? Pois posiblemente, pero somos moitos e hai que repartir esa atención... Ademais, considérome un peón dentro da literatura, non pretendo estar na cabezalla do carro.

—**B.R.S.:** **E volvendo á actividade literaria galega en Madrid, de que xeito cres que contribúen os actos do Grupo Bilbao na difusión da cultura galega en Madrid?**

—**M.P.V.:** Mira, antes falabamos do prestixio ou da atención que se presta, dende Galicia, aos escritores galegos que escriben en Madrid;

eu o que máis lamento é que a xente galega que vive aquí, en xeral, ten unha preocupación pequena pola literatura galega que se fai en Madrid. É verdade que autores galegos que viven en Madrid están moi desatendidos en Galicia, pero o caso que se nos fai por parte de galegos que viven en Madrid, que son moitos, é menos do que debería. Hai pouca atención, en xeral, cara á literatura, pouco interese, pero o número de galegos que vive en Madrid é moi alto e, aínda tendo en conta a escasa repercusión que ten a poesía ou a literatura, penso que os actos culturais merecían mellor acollida.

—B.R.S.: Cres que o Grupo Bilbao axuda a mostrar un Madrid diferente aos galegos que viven en Galicia?

—M.P.V.: Pois seguramente. Dos que somos clásicos do grupo Bilbao, nin Vicente, nin Fermín, nin Rafa, ni Xavier Frías, somos persoas que teñamos aversión a Madrid. Somos persoas que nos atopamos ben nesta cidade. Que iso poida dar unha visión mellor en Galicia... non o sei; como alí a repercusión é pequena, pois tamén será pequena respecto desta visión, digamos, non despectiva de Madrid.

—B.R.S.: Falamos do futuro da túa obra, imos falar agora do futuro do grupo Bilbao; como ves o porvir do Grupo e todas as iniciativas editoriais e de refundación que está relanzando Xavier Frías?

—M.P.V.: Bueno, non sei se hai que refundar nada porque, en realidade, nunca houbo ningún tipo de disolución ou de abandono ou disipación. As cousas refúndanse cando morren e teñen que resucitar... penso que non é este o caso. Haberá que precisar algunhas cousas pero a palabra non é refundación porque hai continuidade; é dicir, dende o ano 96, en que empezou, até agora, non houbo ningún tipo de interrupción. Ningún día a tertulia estivo desasistida, nunha ou en dúas ocasións veu unha persoa namais, pero nunca estivo baleira, e a tertulia é a xénese do grupo Bilbao. É certo que as publicacións estiveron paradas, pero sempre existiu esa intención editorial e foron saíndo cousas, individuais ou colectivas.

Eu coido que non é preciso refundar nada. Outra cuestión é que poidamos falar do futuro, do que convén despois dos anos pasados, que son case vinte. Pódense reformular algunhas cousas ou ver como podemos abordar a edición, o tipo de actos, as actividades que se poden facer, pero a palabra refundación paréceme un pouco excesiva.

—B.R.S.: Até aquí as miñas preguntas, hai algo que queiras engadir?

—M.P.V.: Coido que así está ben.

—B.R.S.: Moitas grazas, Manuel. Un enorme pracer, coma sempre. Vémonos axiña.